

12 Memoria económica

No eido económico, no exercicio 2009 púxose de manifesto o valor da planificación estratéxica. A Programación plurianual aprobada polo Claustro para o bienio 2009-2010 foi a base que lle permitiu á nosa institución elaborar uns orzamentos equilibrados para estes dous anos, nun contexto extremadamente desfavorable.

O orzamento de 2009 derívase directamente da Programación plurianual, logo de se efectuar no Plano operativo anual os axustes das previsións orzamentarias. Nun contexto de estancamento do financiamento público, a aplicación de recursos propios permitiu seguir avanzando na adaptación ao EEES.

Na programación establecíase a necesidade de repórter os recursos propios coa liquidación do exercicio 2008 para poder elaborar en 2009 un orzamento equilibrado para 2010. O obxectivo acadouse con folgura, o cal foi fundamental, dada a inesperada caída do financiamento público.

O proceso de planificación completouse coa elaboración dos indicadores que axudan a efectuar o seguimento do Plano estratéxico, e a incorporación das conclusións da súa análise na formulación do orzamento vixente. Precisamente estes indicadores, nos que destaca sobre todo o alto nivel de cumprimento dos obxectivos relativos á adaptación ao EEES, que é

central no Plano estratéxico, confirman a conveniencia de manter e reforzar o vixente Plano de simplificación da xestión.

Programación plurianual 2009-2010

A Programación Plurianual 2009-2010, aprobada polo Claustro, polo Consello de Goberno e polo Consello Social, e os planos operativos anuais (POAs) que dela se derivan, permitiron orientar os orzamentos deste bienio de acordo co Plano estratéxico da UDC.

O documento está dispoñible na web da Oficina de Planificación Estratéxica: <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/ope/ProgramacionPlurianual200910.pdf>. Deseguido recóllense as súas epígrafes, xunto cuns extractos que resumen aspectos centrais de cada unha delas:

- Describe os equilibrios orzamentarios previstos, primeiro desde unha perspectiva cualitativa e dinámica, para analizar logo as evolucións esperadas das principais partidas de ingresos e de gastos:

“No exercicio 2009 as transferencias correntes da Xunta de Galicia experimentarán unha evolución semellante ao crecemento do IPC. En cambio, a contribución doutros ingresos correntes, como os procedentes de matrículas, é superior

á esperada. Aínda así, a principal fonte de fondos que permite avanzar na adaptación ao EEES é a aplicación da parte principal dos recursos propios dispoñibles. Deste xeito será posible afrontar os incrementos previstos de persoal (PAS e PDI) e investimentos en infraestruturas, ao tempo que se mantén o compromiso de crecemento das bolsas e se evita recorrer ao suposto de incrementos nos prezos públicos para equilibrar as contas.

En canto ao exercicio 2010, a UDC pode garantir a continuidade da súa actividade corrente sen restricións significativas, incluso no escenario desfavorable (persistencia da diminución dos ingresos non financeiros da Xunta e ausencia de desenvolvemento do Plano de financiamento), aínda que nese caso sería necesario asumirmos unha desaceleración das políticas de investimentos e de contratación de persoal. Para garantirmos esta situación, deberán reporse os recursos propios dispoñibles a partir da porción non aplicada en 2009 e dos recursos xerados no exercicio 2008.”

- Recolle o plano de investimentos en docencia e investigación:

“O esforzo inversor financiado con fondos propios orientarase fundamentalmente ás infraestruturas docentes e complementarias: adaptación ao EEES, servizos universitarios e dotacións residenciais, culturais e deportivas. No caso das infraestruturas de investigación, o peso recae sobre o financiamento finalista acadado.”

- Establece as estimacións de evolución dos efectivos de persoal docente e investigadores (PDI) e de administración e servizos (PAS) e dos custos de persoal no período:

“[...] O comportamento do número de efectivos de PDI e PAS [...] a previsión de crecemento dun 10% no próximo bienio”.

A Programación plurianual constitúe o eixe vertebrador do resto dos documentos de que aquí se da conta. O orzamento 2009 derívase directamente dela, unha vez efectuados no POA os axustes das previsións orzamentarias. Establece ademais unhas previsións para a liquidación do exercicio 2008 que se mostraron cruciais para a elaboración en 2009 do orzamento 2010, que tamén se orienta segundo o que se desprende da análise dos indicadores do Plano estratéxico. Estes indicadores reforzan a relevancia do Plano de simplificación da xestión.


Orzamento e POA do exercicio 2009

O orzamento e o POA do exercicio 2009 atópanse na web da Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica (<http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/orzamentos.asp>). A súa evolución, a nivel de agregación de capítulos, reflíctese no seguinte cadro:

INGRESOS	2008	%	2009	%	VAR 08/09
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16.205.864	12,78%	18.401.129	13,35%	13,5%
Capítulo IV: Transferencias correntes	93.090.540	73,40%	95.573.645	69,36%	2,7%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	515.000	0,41%	1.238.000	0,90%	140,4%
Capítulo VII: Transferencias de capital	13.460.407	10,61%	16.082.391	11,67%	19,5%
Capítulo VIII: Activos financeiros	1.124.828	0,89%	6.500.000	4,72%	477,9%
Capítulo IX: Pasivos financeiros	2.428.000	1,91%	0	0,00%	-100,0%
Total orzamento de ingresos	126.824.639	100%	137.795.166	100%	8,7%
GASTOS	2008	%	2009	%	VAR 08/09
Capítulo I: Gastos de persoal	82.600.721	65,13%	86.792.393	62,99%	5,1%
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	18.755.868	14,79%	19.952.225	14,48%	6,4%
Capítulo III: Gastos financeiros	19.000	0,01%	32.500	0,02%	71,1%
Capítulo IV: Transferencias correntes	3.488.665	2,75%	3.867.206	2,81%	10,9%
Capítulo V: Fondo de continxencia	250.000	0,20%	250.000	0,18%	0,0%
Capítulo VI: Investimentos reais	21.491.642	16,95%	26.223.481	19,03%	22,0%
Capítulo VII: Transferencias de capital	1.270	0,00%	1.270	0,00%	0,0%
Capítulo VIII: Activos financeiros	136.750	0,11%	208.250	0,15%	52,3%
Capítulo IX: Pasivos Financeiros	80.723	0,06%	467.840	0,34%	479,6%
Total orzamento de gastos	126.824.639	100%	137.795.166	100%	8,7%

Cadro 184 Evolución do orzamento por capítulos

A evolución a longo prazo do orzamento total recóllese no seguinte gráfico:




Cadro 185 **Evolución do orzamento da UDC**

A valoración global que se fai do orzamento é a seguinte:

“A política orzamentaria dos último anos, en que os recursos se incrementaron substancialmente, foi prudente na estimación dos ingresos e rigorosa na execución do gasto. Deste xeito, xerouse marxe de manobra, non só financeira, senón para axustar as previsións de ingresos e gastos, que se mostra crucial para afrontar as circunstancias actuais. Así, o orzamento medra un 8,7% (sitúase nos 137,8 millóns de euros), pese


a que as transferencias da Comunidade Autónoma o fan nun 3%. A contención no gasto corrente é compatible co mantemento da política de converxencia co contorno en materia de persoal e cun crecemento das bolsas a estudantes por riba do 13%, e permite un incremento dos investimentos, orientados cara á adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, do 22%.”

No seguinte gráfico pódese observar a caída do peso das transferencias e a importancia dos recursos propios aplicados:



Cadro 186 Composición dos ingresos

En canto á composición do gasto, en 2009 incrementábase o peso das bolsas e, sobre todo, dos investimentos:



Cadro 187 Composición dos gastos

Liquidación do orzamento do exercicio 2008

A liquidación do orzamento do exercicio 2008, aprobada polo Consello de Goberno e, unha vez auditada, polo Consello Social, pódese consultar no enderezo


<http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/memoriasecon.asp>. A execución orzamentaria por capítulos foi a seguinte:

Capítulo	Orzamento	Liquidación
III: Taxas, prezos e outros	16.205.864	18.511.232
IV: Transferencias correntes	93.090.540	97.802.730
V: Ingresos patrimoniais	515.000	1.640.889
VII: Transferencias de capital	13.460.407	26.736.295
VIII: Activos financeiros	1.124.828	0
IX: Pasivos financeiros	2.428.000	2.981.250
Total ingresos	126.824.639	147.672.396
I: Gastos de persoal	82.600.721	80.840.090
II: Bens correntes e servizos	18.755.868	17.614.620
III: Gastos financeiros	19.000	27.090
IV: Transferencias correntes	3.488.665	3.908.248
V: Fondo de continxencia	250.000	0
VI: Investimentos reais	21.491.642	33.920.478
VII: Transferencias de capital	1.270	1.202
VIII: Activos financeiros	136.750	147.568
IX: Pasivos financeiros	80.723	230.468
Total gastos	126.824.639	136.689.764

Cadro 188 Orzamento e liquidación do exercicio 2008

O seguinte gráfico mostra como o resultado orzamentario positivo por quinto ano consecutivo permite se-

guir consolidando a posición financeira da UDC, incrementando o remanente de tesourería non afectado:



Cadro 189 **Saldo orzamentario / Orzamento - Remanente non afectado / Orzamento**

Aínda que o resultado orzamentario é menor que o do ano anterior, o remanente incrementase, pois esta magnitude ten carácter acumulativo, e no orzamen-


to do exercicio 2009 só se aplicou unha porción dos recursos dispoñibles na liquidación do exercicio 2007 (efectuada en 2008):



Na programación plurianual establecíase a necesidade de repor os recursos propios coa liquidación para afrontar o orzamento do 2010 (aprobado en decembro de 2009). Como se observa no gráfico anterior, este obxectivo acadouse con folgura, o cal foi fundamental para acadar un orzamento equilibrado no ano en curso, dada a inesperada caída do financiamento da Xunta de Galicia. Cómpre salientar que, a diferenza do que sucedía nos dous anos anteriores, neste último orzamento foi necesario aplicar a práctica totalidade do

remanente líquido dispoñible para manter o orzamento global nos niveis de 2009.

Por último, o esforzo dos servizos económicos permitiu finalizar o ano 2008 nunha situación óptima, en que os pagos pendentes supuxeron o 0,86% do volume anual (que se reduce ao 0,26% se descontamos o importe da Seguridade Social de decembro, que non é posible aboar dentro do exercicio):




Cadro 191 Pagamentos pendentes a 31 de decembro

Indicadores do Plano Estratéxico

O Cadro de Mando do Plano Estratéxico da UDC contén 96 indicadores, con prazos e niveis de cumprimento esperados. Estes indicadores foron elaborados por primeira vez ao longo de 2009, referidos ao exercicio 2008, e as súas conclusións axudaron a orientar o orzamento 2010, elaborado en 2009. O documento, referendado pola Comisión de Asuntos Económicos delegada do Consello de Goberno, pódese atopar no enderezo <http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/vepe/ope/documentacion.asp>.

Desde o punto de vista cuantitativo, a información que proporciona o documento resúmese nos seguintes aspectos:

- Dos 94 indicadores vixentes (os 2 restantes fan referencia a prazos futuros), conseguiuase completar a información necesaria para elaborar o 91%.
- Dos indicadores dispoñibles, nun 65% o nivel de cumprimento pódese valorar como alto, nun 26% como baixo, e no 9% restante o grao de cumprimento é parcial.



Cadro 192 **Indicadores 2008 do Plano Estratéxico**

Na súa análise, destaca o nivel de cumprimento nos indicadores referentes á adaptación ao EEES. Cómpre salientar a importancia cualitativa deste feito, polo carácter central que a integración no EEES ten dentro do Plano estratéxico da UDC. Por outra banda, os indicadores relativos a proxectos de investigación e á simplificación da xestión xustifican o esforzo orzamentario nestas áreas no ano en curso.

Programa de simplificación da xestión

A análise dos indicadores do Plano estratéxico confirma a conveniencia de manter o Programa de simpli-

ficación da xestión. Dentro deste programa pódense destacar as seguintes actuacións:

- Por iniciativa do Servizo de Intervención e coa colaboración do Servizo de Xestión Financeira, elaboráronse unhas instrucións para a xustificación das incorporacións de crédito, para tentar axilizar este procedemento, que nos último anos se está a mostrar crítico nos procesos de xestión orzamentaria e liquidación.
- Normalizáronse os trámites económicos e administrativos para a contratación laboral con cargo ao capítulo VI.

- Procedeuse á normalización do cálculo de custos indirectos nos proxectos europeos do VII Programa Marco.
- Actuouse sobre os procedementos de recoñecemento de obrigas e de pagamento de bolsas, co obxectivo de axilizar o seu aboamento.
- Axilizouse a contratación de profesorado mediante a aprobación dunha normativa para a constitución de listaxes de agarda para profesores asociados con contratos de duración non superior a 6 meses.

